



RESOLUCIÓN

Antecedentes de feito

Primeiro. Con data do 13 de xullo de 2018 publicouse no DOG núm. 134 a Orde do 4 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a mellora, creación recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema universitario de Galicia e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2018.

Segundo. De acordo co establecido no artigo 9 da convocatoria, con data do 10 de setembro de 2018 a Secretaría Xeral de Universidades, unha vez realizada a comprobación da documentación achegada polas entidades solicitantes, publicou a lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas.

Fundamentos de dereito

Primeiro. Estas axudas están reguladas pola Orde do 4 de xullo de 2018, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a mellora, creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema universitario de Galicia e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2018.

Segundo. A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano instructor deste procedemento e de acordo co artigo 9 da convocatoria resolve publicar a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

Á vista do anterior, a Secretaría Xeral de Universidades

RESOLVE:

1. Publicar a lista definitiva de solicitudes admitidas que se relacionan no anexo I desta resolución.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro





ANEXO I. SOLICITUDES ADMITIDAS

MODALIDADE A

Nº EXPEDIENTE	NOME DA AGRUPACIÓN	ACRÓNIMO	UNIVERSIDADE
ED431E/01	Cross-Research in Environmental Technologies	CRETUS	USC
ED431E/02	Economics and Business Administration for Society	ECOBAS	UVIGO
ED431E/03	CICA-INIBIC	CICA-INIBIC	UDC

MODALIDADE B

Nº EXPEDIENTE	NOME DA AGRUPACIÓN	ACRÓNIMO	UNIVERSIDADE
ED431E/04	Investigación en Industria Intelixente	CI3	UDC
ED431E/05	Bioeconomía, Emprendemento e Territorio	BETA+	USC
ED431E/06	Industria e Enerxía	INEX	UVIGO
ED431E/07	Cluster de Investigación e Transferencia Agroalimentario do Campus da Auga	CITACA	UVIGO
ED431E/08	AE Materiales	AEMAT	USC
ED431E/09	Gestión y Producción Sostenible de Biorrecursos	BioReDes	USC
ED431E/10	Humanidades Dixitais	DixitHUM	USC
ED431E/11	Enxeñería Civil e Edificación-CITEEC	A-CITEEC	UDC